



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Por medio da presente poño no seu coñecemento que o Sr. Alcalde-Presidente, con data 13/04/2020, ditou o decreto que literalmente lle transcribo:

ASUNTO: REGRAS PARA O FUNCIONAMENTO ELECTRÓNICO DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

EXPEDIENTE: 2020/G003/000149

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data 1 de abril publícase no Boletín Oficial do Estado o Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

Entre as medidas adoptadas, destaca a Disposición Final Segunda onde se modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. E é que, como establece a exposición de motivos, a pandemia puxo de manifesto a necesidade de que, ante situacións de crise de tal envergadura, que poidan producirse por causas de forza maior, grave risco colectivo ou catástrofe pública, sexa posible adoptar medidas conducentes a garantir o funcionamento democrático e eficaz das Entidades Locais e se permite que as sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais poidan desenvolverse por medios electrónicos e telemáticos, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.

LEGISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis relevante é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- O Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- O REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO Publicación provisional : 28-10-2011 BOP Nº 206 -- Publicación definitiva : 16-02-2012 BOP Nº 33



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Mediante a introdución dun novo apartado 3, ao artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, LBRL), permítese que as sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais poidan levar a cabo por medios electrónicos e telemáticos, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións.

SEGUNDA. Condicionantes para a validez das sesións por medios electrónicos.

Deberá apreciarse por parte de o Alcalde ou Presidente ou quen de xeito válido os substitúa ao efecto da convocatoria, de acordo coa normativa vixente, a concorrencia dalgunha das situacións excepcionais descritas.

Para a válida constitución e celebración das sesións por medios electrónicos e telemáticos, os seus membros participantes deberán atoparse en territorio español e quedar acreditada a súa identidade.

Deberase asegurar a comunicación en tempo real entre os membros participantes durante a sesión, dispoñendo ou asegurando a dispoñibilidade dos medios necesarios para a súa realización e para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

Considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus integrantes, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.

A nova redacción do artigo 46.3 da LBRL quedaría así:

«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen válidamente os substitúa ao efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispóndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou segredo das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Aos efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

TERCEIRA. Regras para o funcionamento electrónico dos órganos Colexiados.

A mesa de contratación axustará o seu funcionamento ás seguintes regras:

Convocatoria.- As convocatorias serán remitidas aos membros do órgano Colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible, as condicións nas que se vai a celebrar a sesión, **o sistema de conexión e, no seu caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.**

Sistema de Conexión: mediante chamada telefónica ao número de teléfono establecido previamente polo membro do órgano Colexiado e previa acreditación da súa identidade co usuario e contrasinal, ou mediante audio/videoconferencia ao número de conta establecido previamente polo membro do órgano Colexiado e previa acreditación da súa identidade co usuario e contrasinal (utilizarase preferentemente este segundo método).

Lugares onde estarán dispoñibles os medios técnicos para asistir e participar:

- **Lugar de celebración a distancia:** sen prexuízo dos emprazamentos en infraestruturas comúns municipais que poida dispoñer o Concello de Abegondo aos efectos de facilitar a asistencia e a celebración a distancia das reunións dos Órganos Colexiados da Corporación Municipal, o lugar de celebración entenderase como aquel no que se atope o membro da do órgano Colexiado, que en todo caso será en territorio nacional, garantindo sempre as necesarias condicións adecuadas de conexión, audición, confidencialidade e privacidade; o medio técnico habitual será ou ben a computadora, tablet ou teléfono móbil da persoa que forme parteda mesa e que asista a distancia, con posibilidade de audio/videoconferencia mediante o sistema (hardware/software) previsto para a conexión,.

Garantías de celebración.- nas sesións que celebren os órganos Colexiados a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure a súa presenza por medios telemáticos, considerándose tamén tales os telefónicos, e audiovisuais e mantendo sempre as seguintes garantías:

- a garantía sobre a identidade dos membros ou persoas que os suplan. Establecerase un procedemento de autenticación multifactor (inicialmente usuario e contrasinal xunto co número de teléfono e/ou conta para a videoconferencia) de xeito que quede acreditada a identidade de cada participante que asista a distancia.
- a integridade e o non repudio respecto do contido das súas manifestacións e o momento en que estas se producen
- a interactividade e intercomunicación entre as persoas asistentes en tempo real



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

- a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

A estes efectos, entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos, o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias. O Concello de Abegondo conta con solucións para garantir estes medios.

Constitución.- Para a válida constitución do órgano, para efectos da celebración de sesións, se aplicará o establecido no artigo 83 do ROM de Abegondo Para a constitución válida do Pleno, requírese a asistencia dun terzo do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. E o 109.3 do ROM para a XGL Para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes. Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte os seus membros e, en todo caso, un número non inferior a tres.

Acta.- A efectos da acta, que debe levantarse de cada sesión, contéplase a posibilidade de gravación das sesións que celebre o órgano colexiado, nese caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

Neste caso deberá garantirse a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano colexiado.

En aplicación do disposto **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o funcionamento electrónico dados órganos colexiados municipais de acordo co expresado neste acordo.

SEGUNDO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.gal](http://sede.abegondo.gal)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

O que se publica para o seu coñecemento e efectos.

Abegondo, luns 20 de abril de 2020

O SECRETARIO,
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

correo@abegondo.es
www.abegondo.es
sede.abegondo.es

PUBLICACION



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.abegondo.es>. (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).